



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Microbioloxía e parasitoloxía	Código	750G02107	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Coronado Carvajal, Carmen	Correo electrónico	carmen.coronado@udc.es	
Profesorado	Coronado Carvajal, Carmen	Correo electrónico	carmen.coronado@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	No exercicio profesional da Podoloxía preséntanse como imprescindibles a práctica do control sobre o crecemento microbiano e o coñecemento das enfermidades infecciosas podolóxicas. Nesta materia perséguese que o alumno poida: 1.- Adquirir os coñecementos científicos e técnicos fundamentais en Microbioloxía e Parasitoloxía. 2.- Coñecer a relación parásito-hospedador durante a infección. 3.- Comprender a importancia de microorganismos (bacterias, virus e fungos) e parásitos na produción de enfermidades, a presenza ambiental daqueles que son importantes en Podoloxía, e a súa implicación nas técnicas de prevención da infección hospitalaria. 4.- Integrar estes coñecementos no campo profesional da Podoloxía.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizará ningunha modificación 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas *Metodoloxías docentes que se modifican Realizarase de maneira virtual a totalidade dos talleres e probas 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Para a comunicación e seguimento do alumnado utilizaranse as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación. 4. Modificacións na avaliación Ningunha *Observacións de avaliación: A realización das probas será mediante o uso das ferramentas informáticas institucionais 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Coñecer os conceptos básicos da Microbioloxía. Coñecer a morfoloxía e fisioloxía dos microorganismos. Coñecer a xenética bacteriana.	A73	B23	C9 C11 C12 C14
Coñecer Infección, Inmunoloxía, Inmidade natural e adquirida, Inmunoprofilaxis. Comprender os mecanismos mediante os cales os microorganismos causan infección e coñecer os mecanismos de defensa do hospedador ou sistemas de inmidade.	A73	B23	C9 C11 C12 C14
Coñecer os microorganismos máis frecuentes nas patoloxías do pé. Coñecer os mecanismos da patogenicidade viral. Micoloxía. Sinalar as enfermidades infecciosas bacterianas, víricas e fúngicas máis comúns. Coñecer os seus axentes etiolóxicos, epidemioloxía, sintomatoloxía, tratamento e prevención.	A74	B23 B29	C9 C11 C12 C14
Coñecer os aspectos fundamentais da parasitoloxía sanitaria. Sinalar as parasitosis máis comúns. Coñecer os seus axentes etiolóxicos, epidemioloxía, sintomatoloxía, tratamento e prevención.	A74	B23 B29	C9 C11 C12 C14
Coñecer a Microbioloxía ambiental e o diagnóstico microbiolóxico. Comprender os principios da Microbioloxía ambiental, incidindo especialmente na auga e a terra como hábitats máis relevantes en Podoloxía. Identificar a necesidade do diagnóstico microbiolóxico e a súa utilidade.	A73	B23 B29	C9 C11 C12 C14
Coñecer os fundamentos microbiolóxicos para a prevención da infección. Comprender os principios da esterilización, a desinfección e a antibioterapia e quimioterapia antibacteriana.	A73	B23 B39	C9 C11 C12 C14

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque temático I. MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA	
Tema 1.- Introducción á Microbioloxía e á Parasitoloxía	
Bloque temático II. MORFOLOXÍA E FISIOLOXÍA DOS MICROORGANISMOS	
Tema 2.- Estructura microbiana	
Tema 3.- Fisioloxía bacteriana	
Tema 4.- Xenética bacteriana	
Bloque temático III. CONTROL DO CRECEMENTO MICROBIANO	
Tema 5.- Axentes físicos y químicos	
Tema 6.- Antimicrobianos	
Bloque temático IV. MECANISMOS DE INFECCIÓN E RESISTENCIA	
Tema 7.- Microorganismos e enfermidade	
Tema 8.- Inmidade á infección	
Bloque temático V. DIAGNÓSTICO MICROBIOLÓXICO	
Tema 9.- Diagnóstico microbiolóxico	
Bloque temático VI. BACTERIOLOXÍA	
Tema 10.- Cocos gram positivos: Xénero Staphylococcus	
Tema 11.- Cocos gram positivos: Xénero Streptococcus	
Tema 12.- Enterobacterias	
Tema 13.- Bacilos gram negativos non fermentadores	
Tema 14.- Bacterias anaerobias de interese podolóxico	



Tema 15.- Xénero Corynebacterium e outros bacilos gram positivos	
Tema 16.- Xénero Mycobacterium	
Bloque temático VII. VIROLOXÍA	
Tema 17.- Os virus. Metodoloxía e características xerais	
Tema 18.- Virus de interese clínico	
Bloque temático VIII. MICOLOXÍA	
Tema 19.- Micoloxía xeral	
Tema 20.- Micosis superficiais e cutáneas	
Tema 21.- Micosis subcutáneas e sistémicas	
Tema 22.- Fungos oportunistas	
Bloque temático IX. PARASITOLOXÍA	
Tema 23.- Parasitoxía. Xeralidades	
Tema 24.- Protozoos	
Tema 25.- Helmintos	
Tema 26.- Artrópodos	
Bloque temático X. MICROBIOLOXÍA AMBIENTAL	
Tema 27.- Os microorganismos na natureza	
Tema 28.- Microbioloxía da auga	
Tema 29.- Microbioloxía do solo	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A73 A74 B23 B29 C9 C11 C12 C14	2	16	18
Sesión maxistral	A73 A74 B23 B29 C9 C11 C12 C14	43	53.75	96.75
Traballos tutelados	A73 B23 B39 C9 C11 C12 C14	0	16	16
Obradoiro	A73 A74 B23 B39 C9 C11 C12	9	9	18
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Realizárase un exame que inclúe 10 preguntas curtas de ensaio e 30 preguntas de tipo test con catro posibilidades e resposta única. Nesta proba inclúense unha pregunta curta e dúas preguntas tipo test relativas ao traballo tutelado. Poderase realizar en dous momentos ao longo do curso.
Sesión maxistral	Esta metodoloxía realízase de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre a profesora e o alumnado. A maior parte dos contidos desta materia desenvólvense mediante leccións maxistrais participativas con apoio importante de imaxes e vídeo.
Traballos tutelados	Realizárase un traballo colaborativo, obrigatorio para superar a materia en Primeira oportunidade, en grupos preferiblemente de seis integrantes. Consistirá nun traballo de síntese de información sobre coñecemento científico relativo ao control do crecemento dos microorganismos como base para a aplicación na práctica podolóxica da política de antisepsia e desinfección no ambiente clínico. A data de entrega do traballo será única a final do período de clases, anunciarase no Campus Virtual da UDC, e de acordo co calendario de exames e a normativa vixente fixarase para uns 15 días antes da data de comezo do período de exames da Primeira oportunidade.



Obradoiro	Aplicación de aprendizaxes na que combinaráanse diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, prácticas guiadas, etc) a través da que ou alumnado desenvolverá tarefas eminentemente prácticas sobre microscopía e cultivo de microorganismos dirixidas a demostrar a presenza da microbiota normal e os beneficios do lavado de mans. Unha parte desta metodoloxía realizarase de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre a profesora e o alumnado.
-----------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados	A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado. A forma e momento en que se desenvolverá a atención personalizada correspondente a cada actividade, indícase ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia e publicarase no campus virtual.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A73 A74 B23 B29 C9 C11 C12 C14	As preguntas de ensaio puntúanse entre 0 e 1 e supoñen o 50% da nota da proba. As preguntas obxectivas de resposta única constitúen o outro 50% da nota. Tres preguntas non acertadas (ou fracción) restan unha acertada. O alumnado que non se presente a esta proba final na data oficial do centro obterá a cualificación de Non Presentado.	40
Sesión maxistral	A73 A74 B23 B29 C9 C11 C12 C14	O seguimento das clases maxistras por medios informáticos de forma síncrona ou asíncrona por parte do alumnado valorarase mediante a súa participación en clase, a elaboración de resumos, e/ou a realización de probas obxectivas que serán comunicadas ao alumnado polo Campus Virtual.	20
Obradoiro	A73 A74 B23 B39 C9 C11 C12	Avaliarase o traballo práctico realizado no proceso de aprendizaxe e o aproveitamento da observación en relación cos contidos da materia, que se plasmará na elaboración dun caderno de laboratorio. Os talleres valorarase mediante a participación en todas as sesións e a presentación do caderno correspondente.	20
Traballos tutelados	A73 B23 B39 C9 C11 C12 C14	A presentación do traballo tutelado é obrigatoria. Na cualificación do traballo considerarase: Comprensión do tema tratado, rigor científico, capacidade de síntese e de crítica e adecuación da bibliografía consultada. Ante situacións de plaxio aplicarase o que se recolle na normativa da UDC.	20
Outros			

Observacións avaliación

<p>A avaliación descrita (ITINERARIO ORDINARIO) é obrigatoria para todos o alumnado con matrícula ordinaria na Primeira oportunidade (xuño). Para a Segunda oportunidade (xullo) e na Oportunidade adiantada de avaliación (decembro, ITINERARIO ADIANTADA), o alumnado pode elixir o sistema de avaliación descrito para a primeira oportunidade (Entregando nun prazo que se anunciará no Campus Virtual as actividades académicas deseñadas para o curso que computan na avaliación) ou a avaliación mediante un exame único que achegue o 100% da nota final (ITINERARIO FINAL), indicándoo por escrito na proba mixta o día da data oficial para a realización do exame. O alumnado con matrícula a tempo parcial (con ou sen dispensa académica) pode acollerse a este último sistema de avaliación (avaliación mediante un exame único que achegue o 100% da nota final) tanto en Primeira como en Segunda oportunidade (ITINERARIO TEMPO PARCIAL) e adiantada (ITINERARIO ADIANTADA).</p> <p>Avaliación ITINERARIO ORDINARIO (aplicable en Primeira e Segunda oportunidade):1.- Proba mixta 40% 2.- Sesións maxistras 20%3.- Traballo tutelado 20%4.- Obradoiro 20%</p> <p>Avaliación ITINERARIO FINAL, ITINERARIO TEMPO PARCIAL e ITINERARIO ADIANTADA (aplicable só en Segunda e Oportunidade adiantada para alumnado con matrícula ordinaria e en Primeira, Segunda e Oportunidade adiantada para alumnado con matrícula a tempo parcial):1.- Proba mixta 100%</p> <p>A avaliación en segunda e posteriores matrículas do alumnado será a mesma que para primeira matrícula.</p>



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Willey, J.M., Sherwood, L.M. y Woolverton, C.J. (2009). Microbiología de Prescott, Harley y Klein. Séptima edición. Mc Graw Hill Interamericana - Madigan, M.T., Martinko, J.M., Bender, K., Buckley, D. y Stahl, D. (2015). Brock Biología de los microorganismos. Décimo cuarta edición. Prentice Hall - Willey, J.M., Sandman, K.M., Wood, D.H. (2020). Prescott's microbiology. Eleven edition. McGraw Hill
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Becerril Flores, M.A. (2014). Parasitología Médica. Cuarta edición.. McGraw Hill - Joklik, W.K., Willet, H.P. y Amos, D.B. (1994). Zinsser Microbiología. Vigésima Edición. Editorial Panamericana - Murray, P.R., Rosenthal, K.S., Pfaller, M.A. (2017). Microbiología médica. Octava edición.. Elsevier - Larone, H.D. (2018). Medically Important Fungi: A Guide to Identification. 6th edition.. ASM Press - Ingraham, J.L. e Ingraham, C.A. (2004). ?Introducción a la Microbiología?. Volumen I y Volumen II. Ed. Reverté - Tortora, G.J., Berdell, R., Funke, B.R. y Case, C.L. (2017). ?Introducción a la Microbiología?. Duodécima edición. Editorial Médica Panamericana - de la Rosa, M., Prieto, J., Navarro, J.M. (2011). Microbiología en ciencias de la salud. Tercera edición. Elsevier España - Bauman, R.W. (2018). Microbiology with diseases by body system. Fifth Edition. Pearson Education - Martín, A., Béjar, V., Gutiérrez, J.C., Llagostera, M. y Quesada, E. (2019). Microbiología Esencial . Ed. Médica Panamericana

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fisioloxía Humana/750G02101

Bases Biolóxicas e Físicas do Movemento Humano/750G02106

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Conceptos Xerais de Cirurxía/750G02127

Materias que continúan o temario

Quiropodoloxía 1/750G02125

Quiropodoloxía 2/750G02126

Patoloxía Xeral Aplicada en Podoloxía /750G02102

Observacións

Recoméndase ao alumno superar esta materia durante o primeiro curso por tratarse dunha materia básica para a adquisición de coñecementos en materias que se cursarán posteriormente. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": 1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos 2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural 3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais 4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?) 5.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade 6.- Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas 7.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías